



## ORIENTACIÓNS XERAIS ÁS FAMILIAS E. INFANTIL/E. PRIMARIA CURSO 2017 / 2018

**SECRETARÍA:** O horario de secretaría será de 10:00 a 13:00 horas, durante o mes de xullo. **Durante o mes de agosto o colexio permanecerá pechado.** As persoas que necesiten algunha información do Centro deberán solicitala antes de finalizar o mes de xullo.

- Os alumnos/as ou pais que necesiten algún documento deben solicitalo cun día de antelación.
- Os alumnos/as de 4 e 5 anos (non de nova admisión) traerán 5 fotografías e os alumnos/as de Primaria traerán 3 fotografías.

**CURSO 2017/2018:** A data de comezo de curso será:

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA: todos os alumnos entrarán por Pi e Margall ou Torrecedeira o **Luns 11 de setembro** de acordo co seguinte horario:

- Ás 10:30 horas: Educación Primaria (1º a 6º). A hora de saída será ás 12:30h.
  1. Os alumnos de 1º e 2º de EP deberán traer este día un estoxo baleiro que quedará na clase. Os pais subirán ás clases para ter un pequeno encontro coas titoras no que se comprobarán os libros e se comentará algunhas indicacións.
  2. Os alumnos de 3º a 6º de EP non é necesario que traian os libros, soamente o material escolar que vén recollido na lista de libros.
- Ás 11 h.: reunión só cos pais dos nenos de 3 anos. **(Os nenos comezan o martes, 12 de setembro)**
- Ás 11:30 horas: Educación Infantil 4 e 5 anos. Os pais acompañaranos ata a hora da saída.

### **HORARIOS DO CURSO:**

Luns a Xoves : 09:10h-12.30h / 15:20h-17:30h

Venres: 09:10h -14:00 h

No mes de **setembro e xuño** as clases serán de xornada única. **E. Infantil e E. Primaria de 9:10h a 13:50 h.**

**ACOLLIDA MATINAL:** Este servizo ofrécese aos alumnos de E. I. e Primaria desde as 8.00 h. ata a hora de entrada ás clases (9:10h).

**COMEDOR:** O Colexio dispón deste servizo que pode ser utilizado todos os días ou de modo eventual. Funcionará desde o **martes 12 de setembro ata fin de curso**. Para máis información, chamar ao **986229520/ 698164530**

**TEXTOS:** Achegamos a listaxe coa relación de textos. Non poñades os nomes dos alumnos nos libros ata asegurarse de que non hai erros. Fíxadevos no ISBN, para estar seguros.

**UNIFORME:** Os alumnos/as han de vir correctamente uniformados. O modelo de uniforme estará exposto en recepción e na páxina web do colexio.

Recordamos que:

1. Os zapatos serán azuis ou negros, nunca con plataforma.
2. Os tenis dos alumnos/as de E. Infantil convén que sexan brancos con pechadura de "velcro" para facilitar o seu calzado. *Non se permiten tenis con efectos luminosos.*
3. Os alumnos de 3 anos (4º EI) utilizarán o chándal todos os días.
4. As faldas das nenas teñen "pregos", non "táboas".
5. Xerse de pico co escudo do colexio, *non chaqueta.*
6. Parka azul mariño: será obrigatorio o seu uso para todos os alumnos.
7. O chándal consta dun pantalón longo e pantalón curto con escudo (opcional), camiseta branca con escudo e chaqueta con escudo. **(exposto en recepción e na páxina web do colexio).**
8. O mandilón do uniforme é unisex, con botóns centrais e por diante. **(exposto en recepción e na páxina web do colexio).**
9. Os alumnos de comedor deben ter outro mandilón (debe ser diferente ao do uniforme).
10. Os complementos: lazos, diademas, bufandas, gorros,... teñen que ser brancos ou azuis.
11. Todas as prendas deberán estar marcadas para a súa identificación.
12. As bolsas da merenda en E.I serán pequenas e de tea.
13. O carro das mochilas con rodas non deberá sobresaír moito da propia mochila.

### **PÁXINA WEB DO**

O Colexio dispón dunha páxina Web, cuxa dirección é **www.hhcarmelitas.com**, na que poden acceder a toda a información: listaxe de textos, uniforme, .....

*Desexando que gocedes dunhas felices vacacións, saúdavos:*  
A Dirección